



Normativa para o uso temporal de dependencias da EUTS

(Aprobada por Xunta de Centro o 3 de abril de 2025)

- 1.- As dependencias susceptibles de ser usadas para a organización de actividades son a Aula de Informática, Aulas de teoría e Seminarios da EUTS.
- 2.- As actividades preferentes son as de tipo formativo ou de divulgación de temas científicos ou tecnolóxicos. Tamén se poden propor todo tipo de actividades sempre que sexan legais, que non resulten ofensivas ou que inciten á violencia. Non son obxecto desta normativa o desenvolvemento de actividades académicas reguladas.
- 3.- Poderán solicitar as dependencias da EUTS:
 - a) Persoal Docente e Investigador e PAS da EUTS.
 - b) Representantes dos estudantes na Xunta de Escola, Delegados ou subdelegados de curso da EUTS. ou representantes de Asociacións de estudantes recoñecidas pola EUTS ou estudantes da EUTS a título individual.
 - c) Persoas ou institucións alleas á EUTS.
- 4.- O(s) solicitante(s) fará(n) a súa petición en impreso normalizado, indicando calendario e obxecto da actividade. Dita solicitude atópase na páxina web da Escola, no apartado "impresos".
- 5.- O solicitante, en nome propio ou da asociación ou institución que representa, farase responsable dos contidos da actividade e, no seu caso, dos danos ás instalacións.
- 6.- A Dirección da EUTS comunicará o(s) solicitante(s) a aprobación ou non da actividade e as condicións de uso das instalacións, motivando, no seu caso, as razóns da denegación. O uso das instalacións, polo tanto, está sometido á autorización previa, polo que o espazo solicitado no poderá considerarse concedido ata que o/a responsable da actividade reciba un correo electrónico de confirmación.